



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D

15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 605.115.366

E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com

Web: federacioncolumbofilagalega.com

ACTA 1/2023

REUNIÓN DEL COMITÉ DEPORTIVO

En Santiago de Compostela, na data do 01 de Abril de 2023, no Hotel Santiago Apostol, reúnese en segunda convocatoria ás 09:35 horas, os membros do Comité Deportivo desta Federación que se relacionan na presente acta.

Preside D. Antonio C. Pereiro Francés, dando comenzo a reunión convocada según as normas legais vixentes a fin de tratar a Orden do Día establecido na convocatoria.

ASISTENTES:

Presidente: D. Camilo Pereiro Francés

MEMBROS:

D. Manuel Curras Fervenza

Excusan a súa asistencia a esta reunión os seguintes membros:

D. Jaime M. López Rodríguez

D. Carlos Budiño Pereira

D. Bruno Díaz Fernández

Reúnese o Comité Deportivo coa seguinte **Orde do día:**

1.- Aclaracións e resolución á problemática xurdida con respecto aos campionatos provinciais de Seguridade Curta de A Coruña.

4.- Rogos e preguntas



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
[15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA](http://15702.SANTIAGO.DE.COMPOSTELA)
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com
Web: federacioncolumbofilagalega.com

Primeiro.- ACLARACIÓNS E RESOLUCIÓN Á PROBLEMATICA XURDIDA CON RESPECTO AOS CAMPIONATOS PROVINCIAIS DE SEGURIDADE CURTA DE A CORUÑA.

Inicia a reunión o Sr. Camilo Pereiro con respecto a este punto da orde do día lamentándose de que non asistiran todos os membros a esta reunión. Tamén comenta que o comunicado que se lles enviou a todos os clubs por parte da presidencia desta Federación con relación a este tema, que non se seguiron os conductos reglamentarios, xa que ao tratarse dun tema deportivo, debeu ser esta comisión que o analizara previamente antes de enviálo.

Unha vez recibida reclamación por parte do C.C. Alas Compostelanas no que expresan a súa disconformidade co que se indica no comunicado enviado, este Comité Deportivo acorda,

O artigo 35 do Regulamento Deportivo fai mención literal:

“Todos os campionatos da F.C.G. (tanto autonómicos como provinciais) precisarán dunha participación inicial mínima de 10 pombais por provincia e fase tanto en Velocidade, Medio Fondo, Media Distancia, Fondo e Gran Fondo.”

Sobre isto entendemos que sí se cumpren os mínimos de participación inicial para a fase de Velocidade dándose por comenzado o campionato “As Pomba”, comprobando que realmente o C.C. Alas Compostelanas comenzo na primeira solta desta fase con 10 colombófilos.

O artigo 57 do Regulamento Deportivo fai mención mención literal:

“Para competir nos Campionatos Provinciais de Seguridade, cada columbófilo deberá encestar un número mínimo de pombas:

- 10 pombas nas soltas de Velocidade.*
- 10 pombas nas soltas de Medio Fondo*
- 5 pombas nas soltas de Media Distancia*
- 5 pombas nas soltas de Fondo.*
- 3 pombas nas soltas de Gran Fondo.*
- 10 pombas nas soltas de Pichóns “*

Ante a ambigüidade deste artigo, onde deixa completamente á interpretación o de se son 10 pombais os que deben participar neste campionato como sí o fai no artigo 35 ou soamente os que participen no devandito concurso que envíen 10 ou máis pombas.



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com
Web: federacioncolumbofilagalega.com

Como conclusión, e en resposta á reclamación feita polo C.C. Alas Compostelanas, acordase nesta reunión determinar que o campionato de Seguridade Curta da provincia de A Coruña **quedará deserto**, xa que sí se comezou inicialmente a fase de velocidade polo número de socios participantes pero non se chega á participación mínima inicial de pombas encestadas para o campionato de Seguridade Curta

Reclamación do C.C.Porriño.- Recibida neste Comité Deportivo reclamación por parte do C.C.Porriño na que indican que lle chegaron unhas cestas molladas na primeira solta de velocidade, contéstaselle a este club que feita a investigación pertinente e unha vez falado como camionero desa solta, recoñeceunos que se esqueceu de toldar o camión unha vez realizada a solta, lamento este descoído e que non volverá a suceder

Cuarto.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non hai rogos nin preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, dáse por concluída esta reunión do Comité Deportivo, sendo as 11:00 horas, no lugar e data sinalados

EL PRESIDENTE DEL COMITÉ DEPORTIVO

Antonio C. Pereiro Francés